

NOTAS A TER EN CONTA PREVIAMENTE Á SOLICITUDE DE CONSTITUCIÓN DUN NOVO GRUPO DE INVESTIGACIÓN

1. *Os grupos de investigación designarán un coordinador* que será o encargado de xestionar o programa informático que se pon a disposición na WEB da OIT. *Debe terse en conta que si un investigador está actualizando/creando un grupo de investigación e selecciona a outro investigador como coordinador o programa informático non lle permitirá seguir actualizando o grupo.* Deberá ser o coordinador seleccionado o que continúe coa xestión.
2. *Un investigador unicamente poderá pertencer a un grupo de investigación ou ter un rexistro como investigador individual*, polo tanto os investigadores que desexen cambiar de grupos, rexistrarse como investigadores individuais ou formar un novo grupo *deberán darse previamente de baixa do grupo no que decida non figurar ou solicitar a baixa do rexistro como investigador individual.* Debe terse en conta que o sistema informático non permitirá o envío das solicitudes nas que algún dos membros pertenza a algún outro grupo de investigación.
3. O Sistema informático *“verificará”* o cumprimento da maior parte dos criterios de composición do grupo relativos a Producción Científica, importe en proxectos,... (ver **ANEXO II** –Criterios de constitución). Por outra parte e co fin de que a información sexa homoxénea a maior parte dos campos son de obrigado cumprimento, o sistema verificará tamén que estean cubertos. *Ao final do proceso, de selo caso, a aplicación lle indicará as correccións que deben realizarse para que a solicitude poida ser enviada.*
4. *Os grupos de investigación adscribiranse obrigatoriamente a un departamento en casos excepcionais poderase solicitar a constitución dun Grupo Transdepartamental.* A posible vinculación dun grupo a un instituto deberá vir acompañada dun documento que recolla o visto e praxe do Consello Científico a esta vinculación.
5. O Sistema informático remitirá o envío electrónico da solicitude e pedirá a remisión en soporte papel da solicitude debidamente asinada por tódolos membros.
6. Para realizar calquera consulta ou resolver calquera dubida deberá dirixirse á dirección de correo electrónico seguinte: gruposinvestigacion@usc.es

Notas sobre a información a cubrir na ficha do grupo

A través desta sección da OIT VIRTUAL de Xestión de grupos de investigación vostede como coordinador dun grupo de investigación poderá ter actualizada a ficha dun Grupo de Investigación. Isto posibilitará a súa utilización como fonte de información para elaborar documentos de Oferta Tecnolóxica máis rigorosos e actualizados. Con esta ferramenta, o grupo poderá dispoñer tamén dunha ficha da súa Oferta Tecnolóxica con unha presentación técnico-comercial para o seu propio uso.

A adecuada definición do seu Grupo de Investigación a través do formulario da OIT Virtual garantizará tamén que o seu grupo apareza como resultado nas buscas feitas na web da Vicerreitoría. Polo que, co fin de facilitar a actualización da ficha do seu grupo defínense a continuación algún dos termos máis importantes.

Liñas de Investigación:

Trátase de describir con exactitude os ámbitos de traballo-investigación do grupo.

Deben evitarse expresións moi xenéricas (p ex. “biotecnoloxía”) e tamén descrições excesivamente detalladas (como o título dun proxecto ou dunha publicación).

Debera coidarse que as descrições sexan coherentes cos proxectos, publicacións e patentes do grupo xa que se está a traballar nunha aplicación que asocia de xeito automático estes datos á ficha do grupo

Servizos e Recursos:

Neste apartado trátase de explicitar as capacidades mais aplicadas e “utilitarias” do grupo de investigación. Polo tanto deberán describirse os servizos, habilidades e infraestruturas de posible utilidade para o apoio as actividades de I+D e innovación tecnolóxica de interese para a empresa, as administracións públicas ou outros investigadores

Pódese tratar de destrezas desenvolvidas especificamente con este fin, ou de técnicas empregadas en traballos de investigación que teñan tamén outras aplicacións de interese para terceiros.

Tamén debería describirse equipos que, pola súa singularidade, constitúan un elemento diferencial do grupo con respecto a outros grupos da mesma área (sempre pensando na utilidade destes equipos para dar servizos externos).

Códigos:

Son categorías establecidas por distintas organización orientadas a clasificación das áreas de coñecemento ou da súa aplicación. O seu correcto cumprimento permitirá tanto ordenar e clasificar grupos e produción científica, como dar resposta as diferentes enquisas e informacións en I+D que demandan as administracións, os propios investigadores e a mesma universidade



VICERREITORADO DE INVESTIGACIÓN
E INNOVACIÓN
Oficina de Investigación e Tecnoloxía

Edificio CACTUS – Campus universitario sur
15782 Santiago de Compostela
Tel. 981 547 040 - Fax 981 547 077
Correo electrónico: cittinfo@usc.es
<http://imaisd.usc.es>

O cumprimentar a ficha se desprega un menú que nos permite escoller a/as que mellor se adecúen á nosa situación.

(Se o desexa pode consultar os códigos dentro do apartado de normativa no enlace: <http://imaisd.usc.es/paginas/marcovice.htm>)

Palabras chave:

Termos ou expresións que describen conceptos asociados ás nosas liñas de investigación. Soen ser de uso estendido e identifican de maneira máis precisa o noso ámbito de traballo

No ANEXO I ten un exemplo dunha ficha.

ANEXO I – Exemplo de Ficha dun Grupo de Investigación

Código: GI-2386

Nome Corto: AMBIOTEC

Nome Largo: Biotecnoloxía e enxeñería ambiental

Departamento: Enxeñería Química

Liñas de Investigación

Tratamento anaerobio de residuos industriais.

Eliminación de nitróxeno e fósforo en efluentes e residuos.

Degradación de compostos recalcitrantes.

Tratamento de gases contaminados.

Servizos e Recursos

Deseño, operación e control de plantas de tratamento de augas residuais industriais.

Estudios de minimización de residuos líquidos e reciclado de augas en procesos industriais.

Asesoramento para selección de equipos de tratamento de augas residuais.

Disponibilidade de *Planta Piloto de tratamento de Efluentes Industriais*

Códigos

Área Socioeconómica CITT

03-Medio Ambiente

Área Tecnológica

A08-Bioingeniería

A11-Biotecnología

B20-Diseño de reactores

C24-Tratamiento de residuos y basuras

E06-Ingeniería química

ANEXO II

A aplicación web revisará que as solicitudes de constitución de novos grupos de investigación cumplan os criterios establecidos para a Redefinición do Catálogo de grupos de investigación e aprobados polo Consello de Goberno de 22 de xullo de 2004 que se indican a continuación:

1.-Criterios

- Un índice de produción científica equivalente a 50 puntos do coeficiente de reparto da axuda á investigación (CRAI) acumulados nos últimos tres anos. Entendéndose por índice de produción científica a suma das puntuacións dos membros do grupo derivadas da valoración dos diferentes ítems presentados na produción científica.
- Financiamento continuado durante os últimos catros anos proveniente ben de proxectos de investigación acadados en convocatorias públicas ou de alomenos de dous contratos/convenios de I+D. O financiamento durante eses catros anos deberá ser igual ou superior a 12.000 euros.
- Dous sexenios de investigación.

1.1- Para os ámbitos e campos científicos nos que a actividade e competencia acreditada non sexa esencialmente dependente do tamaño do grupo ou do seu autofinanciamento, e con carácter excepcional, o grupo poderá estar integrado por un ou dous investigadores principais.

Nesta circunstancia, o grupo de investigación poderá estar integrado por un ou dous profesores doutores vinculados estatutaria ou contractualmente coa Universidade de Santiago de Compostela, cando acredite/n

- Ter dirixido unha tese de doutoramento nos cinco anos anteriores e, alomenos, acredite outra en fase de realización.
- E, reúna unha das tres condicións seguintes:
 - Financiamento competitivo continuado durante os últimos cinco anos proveniente ben de proxectos de investigación acadados en convocatorias públicas. Alomenos deberá ter acadado, como investigador principal, un proxecto de ámbito internacional ou nacional.
 - Dous sexenios de investigación
 - Un índice de produción científica equivalente a 40 puntos do CRAI acumulados nos últimos tres anos.

Méritos que deberán ser consecuencia de produción científica ou actividade na que, con carácter xeral e continuado, os únicos investigadores responsables con vinculación estatutaria o contractual coa Universidade de Santiago de Compostela sexan os propios membros do grupo